

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos dos que o eixe central vén constituído polo xeito de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións romanas e gregas da chamada época clásica. É sabido que as manifestacións desta cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humanos, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas grecolatinas e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá.

Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en non pequena medida o xeito de ser do home moderno, de tal xeito que ese substrato cultural que a educación ten que proporcionar constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores, como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por riba das propias fronteiras dos estados.

O obxectivo principal de Cultura Clásica é, pois, o coñecemento das mostras máis significativas dese legado e a súa presenza activa na cultura actual. Máis concretamente, a selección dos bloques de contido tivo en conta a configuración xeral da etapa para evitar a repetición de conceptos, de xeito que os específicos desta materia complementan a formación básica dos alumnos e alumnas nun apartado onde os trazos xeográficos e históricos teñen menor relevancia que os puramente culturais. Doutra banda, ocorre moitas veces que, por situar determinada cultura no seu contexto, o ruído do accesorio e os prolegómenos introdutorios acaban por apagar o interese polo verdadeiro obxecto de estudo. Así pois, deixar falar directamente á propia mitoloxía, á literatura e á arte clásica desde o primeiro momento reporta máis beneficios que desvantaxes en orde a esperar o interese do alumnado e aproveitar axeitadamente o tempo.

A bagaxe de coñecementos que dá a Cultura Clásica é un soporte fundamental para manter viva a conciencia da nosa identidade histórica. A pouco que se afonde no noso pasado, pódese comprobar facilmente que a Cultura Clásica está nas nosas raíces e foi sempre un impulso creador, fermento activo de todo renacemento cultural e en particular do gran Renacemento co que se inaugura a Idade Moderna. A cultura grecolatina é un patrimonio común na base das manifestacións literarias e artísticas e do desenvolvemento científico e técnico da civilización occidental. O estudo desta tradición debe permitir ó alumnado dispoñer da perspectiva necesaria para formular en liberdade xuízos equilibrados sobre a realidade que lle tocou herdar e máis sobre o mundo que o rodea e, ao mesmo tempo, para manter actitudes de apertura a outras culturas.

Polo que respecta aos contidos da materia, esta programación intenta atopar un equilibrio tanto no número de sesións dedicadas a cada apartado como no seu peso porcentual. Algunha das UD trataranse de forma sucesiva nos tres trimestres: a mitoloxía, a arte e a fraseoloxía grecolatina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A ORIXE	Marco xeográfico e histórico de Grecia. Presenza grega na Península. Linguas Indoeuropeas. A orixe dos alfabetos.	9	10	X		
2	PROMETEO E A SÚA DESCENDENCIA	Grecia: organización social, económica e política. Atenas, unha polis grega.	9	10	X		
3	EN ROMA	Roma: marco xeográfico e histórico. Hispania: as provincias en época republicana.	10	10	X		
4	SPQR	Mito ou lenda. Formas de organización social e política en Roma. A carreira	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	SPQR	política: as maxistraturas. Vocabulario herdado: topónimos, xentilicios e cultismos	10	10	X		
5	AS DIVINDADES SON PROPICIAS	O destino. A relixión na civilización grecolatina. Organización relixiosa en Roma. Vocabulario herdado: relixión e literatura.	8	7		X	
6	ASUNTOS AMOROSOS	O amor. A familia: o matrimonio. A muller na familia. A educación. Vocabulario herdado: cultismos grecolatinos.	8	8		X	
7	QUE DÍA É HOXE	As estacións do ano. Cómputo do tempo. Días festivos entre os romanos. Xogos, deporte e divindades. Os Xogos Olímpicos. Vocabulario herdado: tempo de lecer.	8	8		X	
8	A MORALEXA É...	As fábulas. As actividades económicas: agricultura, industria e comercio. Vocabulario herdado: as palabras e o cambio de significado	8	8		X	
9	TEÑEN SUPERPODERES	Os heroes. Urbanismo clásico. A cidade romana. A domus, a insula. Vocabulario herdado: a enumeración romana.	8	8			X
10	TRANSFORMACIÓNS SORPRENDENTES	Aracne e as metamorfoses. Inxenería romana: os acueductos. Pontes e acueductos en Hispania. Vocabulario herdado: elementos latinos, cultismos e términos patrimoniais.	8	8			X
11	ONDE IMOS HOXE?	O labirinto de Creta. Ocio e edificios públicos. Teatro, circo, anfiteatro e termas. Hispania: vías de comunicación. Helenismos.	8	8			X
12	MÁIS ALÁ DA MORTE	Orfeo e Eurídice. A arte clásica. A arquitectura. Expresións e locucións latinas.	6	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A ORIXE	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	PE	70
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
2	PROMETEO E A SÚA DESCENDENCIA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	70
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
3	EN ROMA	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.	PE	30
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Descibir e distinguir os indicadores que diferencian o culto público do privado.		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	TI	70
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	SPQR	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.	TI	60
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	AS DIVINDADES SON PROPICIAS	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	50
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	50
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
6	ASUNTOS AMOROSOS	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.	PE	60
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	40
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
7	QUE DÍA É HOXE	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	100
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
8	A MORALEXA É...	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances.

UD	Título da UD	Duración
9	TEÑEN SUPERPODERES	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.

UD	Título da UD	Duración
10	TRANSFORMACIÓNS SORPRENDENTES	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	PE	80
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
11	ONDE IMOS HOXE?	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	PE	75
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

Contidos
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	MÁIS ALÁ DA MORTE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Cultura Clásica que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas:

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos contidos da materia nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

Os contidos diversos de Cultura Clásica, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares. Isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

Para acadar unha mellor aprendizaxe os contidos serán contextualizados e conectados con problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, que aporten unha funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado.

Posto que o desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo de xeito que sexa o alumnado o que procure resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. É preciso aproveitar os coñecementos previos para favorecer a aprendizaxe do estudante na que o profesorado actuará de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden

propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou uso de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

A nosa metodoloxía incluírá:

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.

- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.

- Emprego de cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano así como a visualización de vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque.

- Emprego de aprendizaxe cooperativa que permitan amosar ao alumnado que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsables da tarefa que se lles encomenda.

- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitirános achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Cultura Clásica da editorial Edebé dispoñible na plataforma EVA de E-Dixgal.
Materiais de elaboración propia adecuados aos contidos programados nas unidades didácticas.
Crome-Books con acceso á plataforma EVA de E-Dixgal.
Caderno de escritura tamaño DIN A4 con cuadrícula.
Pantalla Dixital con acceso á internet e a plataforma EVA de E-Dixgal.

Empregaremos os materiais de E-Dixgal e tamén recursos elaborados polo profesor. O alumnado dispón dun minipórtatil para realizar as tarefas das distintas unidades didácticas así como buscas de información. Durante as explicacións empregaremos a pantalla dixital e cando sexa preciso o encerado convencional.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, nas primeiras sesións realizaremos unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a cada unha das unidades didácticas do curso. Non é preciso na materia de Cultura Clásica facer unha avaliación inicial stricto sensu.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	10	10	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	70	70	30	40	50	60	0	100	0	80
Táboa de indicadores	30	30	70	60	50	40	100	0	100	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	100
Proba escrita	75	0	49
Táboa de indicadores	25	100	51

Criterios de cualificación:

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou unidade didáctica.

CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

A cualificación final de cada avaliación parcial virá dada pola nota media das probas escritas que se fagan, e a cualificación dos traballos realizados, observación da aula e caderno do alumnado. A porcentaxe aplicada será a seguinte:

- Probas escritas: aportarán o 80% .
- Traballos individuais ou colectivos: aportarán o 10%
- Observación na aula, caderno do alumnado: 10%

Para o redondeo da nota terase en conta:

- Entrega das tarefas en prazo e coa presentación axeitada.
- Ter a libreta completa con todos os apuntamentos e exercicios

Os decimais menores a 0,7 redondearanse ao enteiro superior.

-Os decimais iguais ou superiores a 0,7 redondearanse ao enteiro superior.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. De non haber acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

Un exame fraudulento será cualificado cun cero.

CUALIFICACIÓN AVALIACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións parciais segundo a seguinte fórmula: (1.^a aval. x 0,34) + (2.^a aval. x 0,33) + (3.^a aval. x 0,33)

1.^a avaliación achega o 34 % da cualificación final.

2.^a avaliación achega o 33 % da cualificación final.

3.^a avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir fo 0,7. É dicir, 6,69 será 6 e 6,70 poderá redondearse a 7, para facer este redondeo empregaráse os criterios aplicados nas avaliacións parciais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, presentacións dos traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

Criterios de recuperación:

Realizarase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5.

Unha vez realizadas as recuperacións das avaliacións parciais, se algún alumno/a tivera algunha parte non superada, tería a posibilidade de superala coa entrega de traballos ou tarefas específicas. De non presentar ditos traballos, o alumno/a terá que presentarse a unha proba final escrita no mes de xuño.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

A avaliación aprobarase cando a cualificación sexa 5 ou superior.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado nesta circunstancia.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirase que elementos do currículo deberán ser modificados.

Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de afondar en aspectos concretos do programa de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.						X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X			X	X		X
ET.7 - A educación emocional e en valores.						X		X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X		X	X	X	
ET.9 - A creatividade.			X	X				
ET.10 - A educación para a paz.		X			X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.				
ET.4 - A competencia dixital.	X		X	
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X	
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X
ET.9 - A creatividade.	X		X	
ET.10 - A educación para a paz.				

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcese nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.			X
Festival de Teatro Grecolatino	Asistencia ás obras de Teatro cClásico e visita á cidade que alberga o Festival		X	
Taller de Escritura	Participación nun taller onde empregaremos pairo, cálamo e tinta para escribir o alfabeto grego	X		

Observacións:

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, representacións de teatro, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación axeitada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
3 Obxectivos acadados e selección de contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

-En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro ao longo do curso con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos da práctica docente.

-Para o indicador 2 facilitaremos cuestionarios ao alumnado ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

-Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

-A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarse nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento

no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A materia de Latín na etapa de educación secundaria obrigatoria constitúe unha aproximación específica aos diferentes aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas e á súa perduración no presente. A singularidade do enfoque desta materia vén condicionada pola súa dobre natureza. Por unha banda, para parte do alumnado supón a única toma de contacto, durante a súa escolarización obrigatoria, con determinados aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas, que constitúen as bases da nosa sociedade actual. Doutra banda, debe ter carácter de ensino propedéutico para o alumnado que continúe os seus estudos nesta disciplina. Esta dobre natureza require un esforzo por describir, contextualizar e entender a vixencia da evidente orixe clásica da nosa identidade como sociedade.

Esta materia está organizada arredor dos distintos aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas. Deste xeito, combina os aspectos estritamente lingüísticos con outros de carácter literario, arqueolóxico, histórico, social, cultural e político, permitíndolle ao alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos. Os obxectivos de Latín na educación secundaria obrigatoria recollen ese diálogo entre presente e pasado ao que aludiamos anteriormente, que se formula a partir de tres eixes principais: situar no centro a reflexión humanista sobre o carácter clásico do legado latino, tanto material como inmaterial, fomentando a comprensión crítica do mundo actual; contribuír á mellora da competencia plurilingüe, favorecendo a reflexión do alumnado sobre o funcionamento das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico.

Os criterios de avaliación están deseñados para comprobar o grao de consecución dos obxectivos da materia presentanse vinculados a eles e inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado debe adquirir e desenvolver nesta materia.

Latín de 4.º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia. Esta materia debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas.

Con esta programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

Lémbrese que os contidos gramaticais concretos que se establecen como horizonte nesta programación modelo poden ser reducidos e/ou ampliados polo docente tendo como única limitación o establecido na lexislación vixente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
Para a adquisición dos contidos de gramática combinaremos a explicación na aula con propostas de traballos en grupo, grande ou pequeno, ou individuais así como a resolución na aula de actividades e exercicios. É fundamental que durante as explicacións o alumnado comprenda perfectamente a relación das dúas linguas habituais na nosa comunidade, galego e castelán, co latín a través dos conceptos de étimo, palabra patrimonial, palabra culta, semiculta e latinismo. Para isto é conveniente a realización de numerosos exercicios onde o alumnado teña que distinguir os tipos de palabras previamente mencionados. Asemade é preciso que o alumnado, tamén a través da práctica, desenvolva estratexias de reconstrución de palabras latinas a través dos seus resultados románicos en linguas como o castelán, o galego ou francés e coñeza o funcionamento de leis fonéticas regulares.

Para explicar a cantidade de material lingüístico, especialmente prefixos, que utilizan diariamente nas súas linguas e que están tomados directamente do latín botaremos man de exercicios nos que o alumnado identifique prefixos en palabras de uso frecuente e sexa quen de deducir o valor do prefixo e entender a causa da súa presenza en palabras nas que a simple vista non se aprecia o seu valor. Tamén, co mesmo sistema de exercicio, pódese aprender ao alumnado o valor etimolóxico de certas raíces presentes en moitas palabras das linguas de referencia. Para isto propoñeremos exercicios específicos nos que a/o docente irá explicando os prefixos e familias de palabras empregando a comparación sistemática entre palabras que presentan un elemento común.

O método de ensino de latín para 4.º de ESO incidirá na aprendizaxe activa e intuitiva da lingua por parte do alumnado para o cal será preciso entender e dominar conceptos teóricos morfo-sintácticos básicos que serán repasados, unificados e consolidados de forma constante: tipos de palabras, concepto de categoría gramatical, categorías gramaticais propias de cada tipo de palabras, diferenciación entre morfoloxía e sintaxe, funcións básicas das palabras, o concepto de oración composta, a diferenza entre coordinación e subordinación, tipos básicos de coordinación e subordinación así como o concepto de caso e declinación. Para a comprensión do concepto novidose de caso e declinación botaremos man do sistema verbal e pronominal das nosas linguas, galego e castelán, para facer entender que iso tan estraño a primeira vista é un recurso que o alumnado utiliza de modo natural nas súas linguas de repertorio.

A metodoloxía a empregar ten como obxectivo que o alumnado se achegue á lingua latina dun modo real e funcional. Pese a que a programación aparece secuenciada entre a parte teórica e a práctica, pódese traballar nela dende o principio de xeito progresivo para que o alumnado dende o inicio do curso empece a utilizar expresións en latín relacionadas, fundamentalmente, coa vida escolar. Utilizaremos para isto a metodoloxía AIM (Accelerative Integrated Method), que vincula a aprendizaxe de secuencias e expresións a situacións coñecidas polo alumnado e que serán introducidas progresivamente no uso diario da aula. A aprendizaxe activa será un dos alicerces da metodoloxía desta programación, especialmente acaída para o primeiro ano de estudo da lingua latina.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO/S DE TEXTO
- libro de texto para Latín de 4º da ESO dispoñible na plataforma EVA-EDIXGAL. Editorial Edebé
- Métodos activos:
a) Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I).
AULA VIRTUAL-EVA-EDIXGAL
ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL
APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE

- EVA-EDIXGAL: A aula virtual EVA-EDIXGAL é o espazo de referencia no desenvolvemento da materia Latín 4-ESO. Nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. Aquí está o libro de texto de referencia, os enlaces empregados durante as explicacións das diferentes unidades didácticas, actividades propostas, aspectos relevantes da materia, o calendario así como calquera recurso empregado na aula durante a explicación dos contidos da materia.

-PORTÁTIL-TABLET PARA CADA ALUMNO: Cada alumno/a dispón dun portátil con acceso a EVA-EDIXGAL onde atopará os contidos do libro dixital para Latín 4º-ESO da editorial Edebé.

- ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL: Estes recursos xa son comúns nas nosas aulas sobre todo cando empregamos unicamente os libros dixitais da plataforma EVA-EDIXGAL.

- APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE: O alumnado será quen de empregar programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan elaborar presentacións, liñas de tempo, textos con imaxes, etc. No ámbito escolar utilizaremos programas ou aplicacións de licenza libre como a suite ofimática LibreOffice. O alumnado ha ser quen de facer chegar a través da plataforma EVA-EDIXGAL as súas tarefas onde desenvolverá contidos da programación. Para isto, incentivarase a creatividade e o traballo orixinal e valorarase especialmente a capacidade de creación e elaboración de traballos e tarefas orixinais.

- LIBRO DE TEXTO: Empregaremos o libro da editorial Edebé dispoñible en EVA-EDIXGAL.

Botaremos man de xeito puntual para a explicación de certos contidos da programación de métodos activos tales como:

- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o 1.º libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Trátase dun material dunha calidade perfectamente contrastada, que dispón dunha grandísima cantidade de materiais complementarios en rede e que permite ao persoal docente que o empregue compartir experiencia cun grande número de docentes tanto en España como no resto do mundo. No seu debe, porén, pódese dicir que a historia que serve de fío condutor ao libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.

2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.

3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co

Departamento de Orientación).

4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.

5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.

6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a/o docente elaborará un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	5	2	5	7	11	12	15
Proba escrita	85	80	80	0	100	90	88	88	88	88
Táboa de indicadores	15	20	20	100	0	10	12	12	12	12

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	100
Proba escrita	88	82
Táboa de indicadores	12	18

Criterios de cualificación:

As unidades didácticas serán cualificadas en función das probas realizadas e as táboas de indicadores e farán media ponderada entre si en función do seu peso na cualificación final, segundo as fórmulas que se achegan no exemplo.

A cualificación final de curso hase obter mediante a seguinte fórmula:

(Cualificación 1.ª aval. x 1) + (Cualificación 2.ª aval. x 2) + (Cualificación 3.ª aval. x 3) :6

Aprobará o alumnado que na aplicación desta fórmula obteña ao final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

ACLARACIÓNS:

1. REDONDEO: As medias resultado de fórmulas matemáticas, serán redondeadas ao seguinte número enteiro a partir do decimal 0,7. Por exemplo: 4,7 pasará a 5.

O redondeo da media final da cualificación de avaliación para poñer no boletín farase a partir do decimal 0,7 ao enteiro máis próximo. Por exemplo, 6,6 será redondeado en 6 e 6,7 será redondeado en 7. Mais hai que ter presente que a cualificación a ter en conta para a cualificación final será a real de cada avaliación e non a redondeada que aparecerá no boletín.

2. RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS. Hai que advertir que en tanto que na 3.ª avaliación se volven tratar os contidos da 2.ª e 1ª avaliacións, o alumno/a que supere a 3ª avaliación terá recuperadas as avaliacións 2ª e 1ª. O alumnado que tendo superadas a 1ª e 2ª avaliacións non acade un 5 na 3ª avaliación, terá a oportunidade de mellorar a nota da

última avaliación nunha proba final escrita.

3. CUALIFICACION FINAL: será resultado das notas obtidas nas diferentes probas ao longo das avaliacións e seguindo a seguinte fórmula.

$$(Cualificación\ 1.ª\ aval.\ x\ 1) + (Cualificación\ 2.ª\ aval.\ x\ 2) + (Cualificación\ 3.ª\ aval.\ x\ 3) : 6$$

Exemplo: $(4,67 \times 1) + (5,08 \times 2) + (6,8 \times 3) : 6 = (4,67 + 10,16 + 20,4) : 6 = 5,87$ que aplicando o principio de redondeo pasaría na nota final a ser un 6.

Crterios de recuperación:

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña en aplicación das fórmulas previamente expostas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.

O alumnado que non acade un 5 na 1ª Avaliación terá a súa disposición na plataforma EVA-EDIXGAL exercicios de reforzo que irá entregando á docente unha vez elaborados. Empregarase a mesma metodoloxía para o alumnado que non acade un 5 na 2ª Avaliación. Asemade o alumno/a que supere as probas programadas para a 3ª Avaliación, terá recuperadas as avaliacións previas.

No caso de que unha/un alumna/o non aprobe o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe no que se detallen os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:

- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
- Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:

- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
- Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

Non hai alumnado que curse de novo 4.º de ESO.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X				X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X							
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X					X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.			
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais. 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana.		X	
Visita a un museo arqueolóxico.	Esta visita pode ser tanto a un museo con restos arqueolóxicos local ou da comunidade, como tamén ao Museo Arqueolóxico Navional, en Madrid.		X	
Obradoiros e actividades relacionados co mundo clásico.	É especialmente recomendable á visita aos Ludi Compostellani que adoitan ser celebrados no mes de xaneiro na Facultade de Filoloxía da USC.			X

Observacións:

- TEATARO. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimiento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.
- VISITA A UN MUSEO ARQUEOLÓXICO. Esta visita é realmente complementaria á actividade anterior, podéndose desenvolver nunha mesma xornada se se visita un museo local.
- OBRADOIROS E ACTIVIDADES DE RECREACIÓN DO MUNDO CLÁSICO. Este tipo de actividades permiten un achegamento máis distendido e práctico ao mundo antigo, dado que o alumnado non soamente ve, senón que tamén pode aprender dun modo práctico aspectos do mundo antigo tan interesantes e relevantes para a nosa tradición cultural como, por exemplo, a escritura sobre soportes como papiro e pergameo, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co

Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	39
4.2. Materiais e recursos didácticos	40
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	41
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	41
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	42
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	43
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	45
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	47
9. Outros apartados	47

1. Introducción

A materia de Latín ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización latina á identidade europea, a través da lectura e comprensión de fontes primarias e de adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar a Antigüidade romana como instrumento de privilexio para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Esta materia vértase arredor de tres eixes: a lingua e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo romano, e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización latina.

Latín I para o primeiro ano de Bacharelato é unha materia troncal de modalidade de gran importancia para o alumnado, xa que se concibe como unha asignatura que terá a súa continuidade en Latín II de 2.º de bacharelato. Dado que temos alumnado que non cursou Latín en 4.º da ESO nin tampouco Cultura Clásica, este primeiro ano de Latín en Bacharelato iniciase coa introdución do estudante á Lingua Latina: o alfabeto, a pronunciación, a morfoloxía nominal e verbal ata completar os contidos programados para este curso. En canto ao período histórico analizado neste curso que veremos no bloque "A Antiga Roma" abrangue dende a orixe de Roma, A República, O Imperio ata Roma en Hispania. Ademais de aspectos relativos ao latín e ao plurilingüismo, neste curso estidaremos o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina.

O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Deste xeito, contidos, habilidades e actividades a desenvolver, debemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concerne á influencia do Latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico e individual do alumnado así como á defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tanto en España, como en Galicia en particular. Non esqueceremos conectar tamén os contidos de Latín I co compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Fundación de Roma. A casa. Métodos de construción	Nesta unidade didáctica hanse traballar os contidos xeográficos e históricos. O obxectivo é que o alumnado consolide ou adquira os coñecementos imprescindibles de xeografía do mundo antigo e de historia do mundo romano, para que poida situar no espazo no tempo os acontecementos máis salientables da historia de Roma. Partes da Domus Romana.	5	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A República I. A vestimenta e a comida.	Nesta unidade didáctica estudaremos as asambleas, senado e comicios. As loitas sociais ata as guerras púnicas. A vestimenta e a comoida.	4	6	X		
3	A República II. Os escravos.	Nesta unidade didáctica veremos as Guerras Púnicas. Os romanos en Oriente. As clases sociais e a vida política ata o Primeiro Triunvirato. A vida os escravos	4	6	X		
4	INCIPIT: O alfabeto. Morfoloxía nominal. Paradigma verbal.	Os casos. A Primeira e Segunda Declinacións. O paradigma verbal. Adexectivos da primeira clase.	4	8	X		
5	Língua Latina I: A Terceira Declinación. Adexetivos da segunda clase.	Terceira Declinación. Temas en consoante e vogal. O complemento cirucunstacial (I). O latín clásico e o latín vulgar.	4	7	X		
6	Lingua Latina II: A Cuarta e Quinta Declinacións. Os tempos de perfecto.	Explicación do funcionamento da cuarta e quinta declinacións. O pretérito pluscuamperfecto e o futuro perfecto. A formación de palabras en latín. Latinismos de uso frecuente.	4	7	X		
7	O Imperio (I): Octavio Augusto. Carreteras e transporte naval	Augusto, princeps senatus. A sucesión de Augusto. O ano dos catro emperadores. A Dinastía Flavia. A Dinastía Antonina. As viae romanas e o transporte naval.	1	8		X	
8	O Imperio (II): Os Severos. As actividades económicas e a sociedade romana.	Diocleciano. As Tetrarquías. Cosntantino e o edicto de Milán. Teodosio e o reparto do Imperio. Fin do Imperio de Occidente.	2	8		X	
9	A Cidade. Os xogos.	Estrutura da cidade. As murallas. O Foro. Edificios políticos e xudiciais. Edificios relixiosos e conmemorativos. Os edificios de diversión. Termas e acueductos.	3	8		X	
10	Lingua Latina III: O pronome persoal. O demostrativo.	Morfoloxía e sintaxe do pronome persoal e do demostrativo na lingua latina. A voz pasiva (I). O latín vulgar en Hispania.	4	8		X	
11	Lingua latina IV: O pronome posesivo. O relativo.	Morfoloxía e sintaxe do pronome posesivo. Paradigma do pronome relativo na lingua latinae a súa sintaxe. Palabras patrimoniais e cultismos.	5	8		X	
12	Lingua latina V: Os grados do adxectivo.. Os numerais.	Sintaxe das estruturas de comparativo e superlativo na lingua latina. Paradigma dos numerais. Latinismos de uso frecuente.	6	8		X	
13	A Relixión. O matrimonio.	Culto público. Culto Imperial. Culto privado. As relixións orientais: xudaísmo e cristianismo.	7	8			X
14	O exército. O Dereito.	A Lexión Imperial. As cohortes pretorianas. O campamento e a vida cotiá do soldado. O dereito na República, na Época Clásica e o dereito posclásico.	8	8			X
15	Roma en Hispania.	Primeiros poboadores de Hispania. A invasión romana. Organización provincial.	9	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
16	Lingua latina VI:	O Participio. O Ablativo Absoluto. A voz pasiva (II): temas de perfecto	9	9			X
17	Lingua latina VII:	O infinitivo. Sintaxe do infinitivo. Composición do verbo SUM.	10	9			X
18	Lingua latina VIII:	Determinantes e pronomes interrogativos. O pronome indefinido. Verbos deponentes.	11	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Fundación de Roma. A casa. Métodos de construción	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana máis salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	90
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias.	TI	10
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e/ou cultural herdado da civilización latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da antiga Roma: - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

UD	Título da UD	Duración
2	A República I. A vestimenta e a comida.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes da sociedade romana salientables, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	90
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de aspectos salientables do legado romano, utilizando recursos retóricos e contrastando información e experiencias.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e/ou cultural herdado da civilización latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. - Historia da antiga Roma: - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

UD	Título da UD	Duración
3	A República II. Os escravos.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Explicar o concepto de romanización e identificar os aspectos básicos da romanización en Galicia, en contraste con outros territorios de Hispania.	PE	80
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de aspectos salientables do legado romano, utilizando recursos retóricos e contrastando información e experiencias.	TI	20
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar algún aspecto salientable do patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural romano, mediante un traballo e incidindo na necesidade de conservación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. - Xeografía do proceso de expansión de Roma na Península Ibérica. A Hispania tardorromana; suevos e visigodos. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. - Historia da antiga Roma: - Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). - Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia

Contidos
- imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

UD	Título da UD	Duración
4	INCIPIT: O alfabeto. Morfoloxía nominal. Paradigma verbal.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar procesos históricos e políticos, institucións, modos de vida e costumes romanos salientables, comparándoos cos das sociedades actuais e incidindo nos cambios producidos.	PE	50
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento dalgún aspecto salientable do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar autonomamente algún aspecto do legado romano no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico a partir de información procedente de diferentes fontes, respectando a propiedade intelectual.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identificar e explicar os aspectos do legado material e inmaterial da civilización latina máis salientables, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	TI	50
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar aspectos salientables do patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural de orixe romana, incidindo na necesidade de conservación, mediante un breve traballo de investigación.		
CA4.6 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna, a partir de criterios dados, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. A súa pegada na Galicia moderna. - As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Roma: etapas educativas. - Principais obras artísticas da Antigüidade romana. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

UD	Título da UD	Duración
5	Língua Latina I: A Terceira Declinación. Adexetivos da segunda clase.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar xustificadamente a relación do latín coas linguas modernas.	PE	100
CA2.4 - Identificar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas de escritura ao longo da historia. - Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.

UD	Título da UD	Duración
6	Lingua Latina II: A Cuarta e Quinta Declinacións. Os tempos de perfecto.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir significados etimolóxicos e inferir significados aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	PE	80
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente desde o latín ata as linguas de ensino, servíndose da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.		
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crear textos individuais con intención literaria, a partir da lectura de fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos. - Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino. - Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica. - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos. - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
7	O Imperio (I): Octavio Augusto. Carreteras e transporte naval	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
